

# O enigma da proba de equitación

Parte 3



Sofía Castiñeira Mozzhuga

Fai xa dous meses que volvemos do campo de probas, dende entón mellorei moito en salto, sempre a escondidas claro. Pero iso non é o mellor, aprendín que teño que deixar máis tempo para estar cos amigos e non esmerarme tanto en ser unha boa xinete. Isto non quere dicir que xa non soñe coa grandeza no mundo da hípica. Todo o contrario, canto máis tempo paso cos amigos, máis conta me dou de que quero chegar moi alto para poder permitir que os demais se sintan orgullosos de min.

Pero non che escribo por iso, é para contarche algo que pasou fai moito menos tempo; onte na festa de fin de curso. Como parece ser que fan todos os anos, reuniron a toda a clase onde está o arco de celebracións. A directora Helena deu un discurso sobre o gran grupo que éramos e o moito que melloramos dende que estamos aquí. Gustoume que estivera orgullosa de nós. Pero as sorpresas aínda non acabaran...

Ao remate do discurso Helena pronunciou estas palabras, que me soaron coma máximas:

- Para rematar, quero dar as grazas a dous de vós pola axuda que prestaron para a captura do clan de Noguretchu; Nico e Tareixa.

A continuación fíxonos entrega do premio de servizos especiais do colexio. Non necesitaba nin ningún premio, só a cara de alegría de Ana, os aplausos e o entusiasmo xeral foron un premio para min.

Grazas Ana, grazas Nico, grazas a Airea, grazas a Brais e a Beltrán, grazas a Noa, grazas a Aldara e grazas a Breixo. E grazas a ti tamén querido Diario Dario, por permitir que pense e reflexione contigo.

Creo que así acaba esta aventura, como escoitei nalgunha parte, o próximo ano máis e mellor. A cabo de escribir estas palabras no autobús de volta a casa, despois dun ano tan diferente a todos os demais. Por primeira vez teño gañas de que as vacacións acaben pronto. Recordo cando aínda estaba nun colexio normal, sen ningunha preocupación máis que as notas, pero, que gracia ten todo iso? Agora creo saber que nacín para vivir aventuras a lomos de eguas e cabalos.

Nacín, para o que todos nacen, ser feliz.

Ata o ano que ven, espero vivir moitas mais aventuras

Túa, Tareixa

P.D. Grazas a ti, querido lector. Por vivir aventuras comigo, por axudarme a ser quen son, e por escoitarme. Hoxe vinte anos despois de rematar de escribir o diario, gravo estas palabras, porque sei que moitos queren ler e vivir aventuras da miña man. Estou na maior aventura da miña vida, por fin podo sentir a emoción de estar nos vestiarios, a punto de correr a miña primeira carreira olímpica. Agora confío en min mesma e sei que podo conseguilo, da mesma maneira en que souben que podía realizar aquel salto, agora sei que son capaz de gañar e seguir ascendendo. Agora e sempre, só se pode ir nunha dirección, arriba.

Cando acabei a escola perdín o contacto con moitos dos meus compañeiros de clase, pero agora se miro ao meu lado, aínda vexo a Nico. Nunca máis, dende aquela, nos separamos. Creo que aquel día, forxouse entre nos unha amizade que ninguén pode desfacer, alégrome diso, pero sinto non haber comenzado antes a conocernos mellor. Pero non se pode ter todo nesta vida, é algo que co paso do tempo, acaba sendo algo natural. Agora competimos xuntos polo mesmo soño: deixar a nosa pegada na interminable historia da equitación.

Escribín este diario cando aínda non tiña nin idea de quen era nin o que sería, pero naquel momento necesitaba contar o que pensaba. Porque todos temos algo que contar. Atrévete?

E, agora si, FIN.